



## ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO RÍA DE MUROS-NOIA DO 9 DE XULLO DE 2019

No salón de plenos do Concello de Lousame, o día 9 de xullo de 2019, ás 11:00 horas reúnese a Xunta Directiva da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asisten:

Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, presidenta.

Dona Inés Monteagudo Romero, con DNI núm. 33270550S, vicepresidenta.

Don Manuel González López, con DNI núm. 78793193T, secretario.

Don Luís Oujo Pouso, con DNI núm. 33283149X, tesoureiro.

Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, vogal.

Comeza a Reunión coa seguinte orde do día:

- 1.- Relevo de cargos na Xunta Directiva da ARD
- 2.- Informe da presidenta: Balance de xestión do primeiro semestre de 2019 e accións á vista
- 3.- Informe sobre a xestión das agrupacións de municipios constituídas en 2019
- 4.- Apertura de liña de aval
- 5.- Apertura de liña de crédito
- 6.- Rogos e preguntas

### 1.- Relevo de cargos na Xunta Directiva da ARD

Acórdase, en función da constitución dos concellos que tivo lugar o pasado 15 de xuño de 2019, a toma de posesión dos novos membros da Xunta Directiva, quedando constituída, dende esta data, polos seguintes membros:

- Presidenta: María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa de Lousame.
- Vicepresidenta: Inés Monteagudo Romero, Alcaldesa de Muros.
- Secretario: Manuel González López, Alcalde de Outes.
- Tesoureiro: Luis Oujo Pouso, Alcalde de Porto do Son.

-Vogal: Santiago Freire Abeijón, Alcalde de Noia.

Acórdase, en virtude dos cambios na Xunta Directiva e de acordo co Artigo 33 dos Estatutos da Asociación que di “Para a disposición de fondos das contas que a Asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do Presidente e do Tesoureiro”, designar como **persoas autorizadas** para a disposición dos fondos da Asociación a:

-Presidenta: María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa de Lousame.

-Tesoureiro: Luis Oujo Pouso, Alcalde de Porto do Son.

Informa asimesmo a presidente do exposto na Xunta Directiva anterior referido á necesidade de transformar ou substituír á ARD Ría de Muros-Noia por unha Mancomunidade da Ría de Muros-Noia.

A presidenta alude á necesidade de acordar expresamente este punto.

Debátese sobre os pros e contras da súa creación e xestión.

Acórdase que cada alcalde solicite informes onde considere oportuno sobre a fórmula máis axeitada para crear unha ente de xestión conxunta axustada ao dereito público e voltar a abordar esta cuestión na próxima Xunta Directiva.

## **2.- Informe da presidenta: Balance de xestión do primeiro semestre de 2019 e accións á vista**

Informa a presidenta das liñas de subvencións e convenios subscritos e solicitados dende a ARD e das agrupacións de concellos animadas dende a ARD para a consecución de fondos autonómicos e provinciais:

-Convenio coa Xunta de Galicia para potenciar o Xeodestino.

-Subvención da Deputación de A Coruña para entes de xestión turística.

-Agrupacións de concellos para:

-Informadores turísticos (subvención Xunta de Galicia e Deputación).

-Infraestrutura turística (Xunta de Galicia).

Acórdase o sistema de reparto de informadores turísticos entre os concellos que queda do seguinte xeito:

-O informador contratado a cargo da subvención da Xunta de Galicia, incorporárase a oficina de información turística do Xeodestino en Noia.

-Os outros dous informadores, a cargo da subvención da Deputación, incorporaranse en Outes e Lousame ata que finalice o período de prestación de servizo do primeiro informador, momento no que se voltará a distribuír a dedicación destes dous informadores entre os tres concellos.

Con cargo a estes fondos e as aportacións dos concellos axecutáronse entre outras estas accións:

-Asistencia a Feiras: Xantar en Ourense, Forum gastronómico en A Coruña, Gastro Atlántica en A Coruña, Turexpo en Silleda.

-Presentacións a medios de comunicacións nacionais. Madrid, 30 de abril.

-Contratación de gabinete de comunicación en Madrid.

-Fam trip e pres trip da Travesía Náutica Xacobeá e Camiño da Ría de Muros-Noia.

-Xestión dos traballos de declaración de Camiño de Santiago e coordinación dos concellos do Camiño.

### **3.- Informe sobre a xestión das agrupacións de municipios constituídas en 2019**

Das agrupacións mencionadas no punto 2, a relativa a infraestruturas turísticas plantexa problemas de execución en tanto que se trata de pequenas obras en cada concello e non parece que resulte recomendable que sexa un único concello (Outes) o que execute todas as obras.

Polo tanto, o Alcalde de Outes propón que sexa cada concello o que execute as obras do seu municipio e o concello coordinador da agrupación asuma as súas obras e o proxecto técnico.

Despois da correspondente discusión acórdase que os servizos de secretaría e intervención de Outes valoren a mellor fórmula para modificar o procedemento de execución establecido no protocolo de colaboración que deu forma a esta agrupación de municipios para, posteriormente, contrastalo cos servizos homólogos dos restantes concellos.

### **4.- Apertura de liña de aval**

A presidenta informa das xestións realizadas para a obtención deste aval contra a garantía do convenio de colaboración coa Xunta de Galicia e solicita a aprobación da operación á Xunta directiva.

Acórdase facultar á Presidenta da Asociación para a solicitude e realización dunha **operación de aval** bancario ante Abanca Corporación Bancaria SA, por importe máximo de 33.440 €. A finalidade do aval será a constitución da garantía esixida pola Axencia Turismo de Galicia da

Xunta de Galicia (ATG) para solicitar anticipos e pagos a conta da achega derivada do *Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a ARD Ría de Muros-Noia para a promoción do Xeodestino Ría de Muros-Noia*. O importe de 33.440 € corresponde ao 110% do presuposto máximo que poderán sumar os anticipos e os pagos a conta solicitados á ATG segundo o devandito Convenio. Esta operación de aval só poderá constituírse unha vez estea debidamente asinado o Convenio por ambas partes.

#### **5.- Apertura de liña de crédito**

A presidenta informa das xestións realizadas para a obtención desta liña de crédito contra a garantía da concesión en firme da Subvención da Deputación de A Coruña para entes de Xestión Turística e solicita a aprobación da operación á Xunta directiva.

Acórdase facultar á Presidenta da Asociación para a solicitude e apertura na entidade financeira Abanca Corporación Bancaria SA dunha **liña de crédito** por un valor máximo de 40.000 € achegando como garantía a axuda outorgada pola Deputación da Coruña dentro do *Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2019*. O importe da axuda ascende a 40.000 €, segundo consta na resolución de aprobación definitiva publicada no BOP da Coruña o 4 de xuño de 2019.

#### **6.- Rogos e preguntas**

O Alcalde de Porto do Son recorda a necesidade de que os materiais promocionais do Xeodestino cheguen ás oficinas de información turística dos concellos.

O Alcalde de Outes plantexa a necesidade de organizar un plan de formación intensivo para os novos informadores turísticos do Xeodestino.

O Alcalde de Outes solicita apoio á ARD para a instalación do punto físico de información turística no centro de actividades náuticas Francisco Rama.

Sen mais temas que tratar, levántase a sesión ás 12:30 horas do día e data.